



IES Mugarodos. Departamento de Economía

BAC

MATERIA FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

2.º BAC
2020 - 2021

PROFESOR/A CARMEN MEIRIÑO GONZÁLEZ

CONTIDOS

1.^a AVALIACIÓN: Bloques 1, 2 e 3 do currículo:

- Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto empresarial.
- A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos.
- Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa.

2.^a AVALIACIÓN: Bloques 4, 5 e 6 do currículo:

- O plan de aprovisionamento.
- Xestión comercial e marketing na empresa.
- Xestión dos recursos humanos.

3.^a AVALIACIÓN: Bloques 7, 8 e 9 do currículo

- Xestión da contabilidade da empresa
- Investimento e xestión financeira. Viabilidade da empresa.
- Presentación da idea de negocio.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Proxecto de empresa e traballo cotián da clase e na casa	30%
Traballo na aula virtual e outros traballos	30%
Probas escritas	40%

Temporalización das probas escritas

Como regra xeral, realizarase unha proba escrita cada dúas unidades didácticas.

Cualificación das probas

Cada proba estará valorada sobre 10 puntos, calculando a media ponderada (segundo o número de unidades que avalíen) de todas as que se fagan na avaliación.

O conxunto das probas escritas pesa un 40% sobre a nota final da avaliación.

Cálculo da media en cada avaliación

Para calcular a cualificación media de cada avaliación teranse en conta tanto os resultados obtidos nos exames como o traballo da aula e na casa, así como os traballos desenvolvidos a través da aula virtual Google Classroom, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- 40% probas escritas, que conterán cuestións tipo test, preguntas curtas e cuestións de desenvolvemento ou casos prácticos.
- 30% elaboración do proxecto de empresa, así como traballo de aula e de casa, que incluírá a valoración do traballo no caderno de clase e as tarefas que deban completarse na casa.
- 30% traballo na aula virtual, que incluírá a realización das tarefas e cuestionarios asignados, cumprindo o prazo de entrega fixado.

Redondeo:

Dado que a nota no boletín de cualificacións debe ser un número enteiro, procederase a redondear ao enteiro inferior se o primeiro decimal está comprendido entre 0 e 4, e redondearase ao enteiro superior se o primeiro decimal é 5 ou máis.

No caso de que un alumno/a non realice as probas escritas fixadas **poderá ser avaliado negativamente**, sen prexuízo de realizar posteriormente as tarefas de reforzo ou recuperación marcadas no proxecto didáctico do departamento.

Cando un alumno/a non alcance a nota de 5 nalgunha avaliación parcial terá a posibilidade de superar a asignatura nunha proba de recuperación, á que tamén poderán presentarse aqueles alumnos que, tendo aprobado, desexen subir a súa cualificación.

No caso de que na realización dun exame algún alumno **copie ou utilice calquera medio de información ou comunicación non permitido**, o exame en cuestión será cualificado cun 0 (cero) e deberá repetilo para acreditar os coñecementos requeridos no mesmo no momento que determine a profesora.

Para a **promoción na cualificación final** da asignatura deberá acreditarse o dominio dos mínimos da materia establecidos na programación da mesma.. Se un alumno é avaliado negativamente nalgunha avaliación deberá realizar as tarefas de recuperación que acrediten a asimilación deses mínimos.

Cálculo da cualificación final

Será a media aritmética das cualificacións obtidas nas avaliacións parciais, ponderada, no seu caso, en función dos bloques temáticos traballados en cada avaliación. Neste caso utilizaranse as notas obtidas nas avaliacións parciais, sen redondeos e utilizando os dous primeiros decimais.

Para o caso de que **algún alumno/a non asista á realización das probas escritas fixadas e anunciadas ao longo de cada período de avaliación, a profesora determinará a procedencia ou improcedencia da repetición da proba** escrita para outra data distinta da fixada, atendendo ás causas alegadas para xustificar a ausencia inicial. Poderá substituír a realización da proba por outro medio de acreditación dos aspectos a avaliar nesa proba.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Lecturas recomendadas: Utilizarase a prensa escrita de contido económico para comprobar a asimilación dos aspectos traballados na clase.

Proporase a lectura voluntaria dun libro de contido económico ao longo do curso:

- “Economía eres tú”, JL Sampedro.
- “Cuentos chinos de la economía y otros chascarrillos para acabar con el sistema” Grupo Econoplastas.
- “¿Quién le hacía la cena a Adam Smith?” Marcial Katrine

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Debido á situación excepcional provocada pola pandemia do Covid-19 non se programan actividades complementarias para o presente curso académico.

Complementaremos o traballo presencial na aula co emprego de Google Classroom como aula virtual.